



# BOP

VENRES, 18 DE OUTUBRO DE 2024

N.º 241

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DIRECCIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

ACORDO do 3 de outubro do 2024 do Departamento Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello do Saviñao (expediente IN407A 2023/80-2)

Con data 27 de maio de 2024, a Dirección Territorial de Lugo ditou resolución pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións previas e de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada "regulamentación L.A.M.T. CHA 811 Saviñao 11 entre apoio 110-35-8 e CT Palomar 110-35-17-CT", no concello de O Saviñao (Lugo).

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo ao presente acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de O Saviñao, deducida da que se someteu a información pública no diario "La Voz de Galicia" do 19 de xuño de 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 18 de xuño de 2024, para que comparezan o día **19 de decembro do 2024** no concello do Saviñao sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas, así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello do Saviñao estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 3 de outubro de 2024.- O director territorial P.A( artigo 40.3 do Decreto 140/2024 do 20 de maio) O Xefe do Servizo de Industria, Juan Carlos Morán del Pozo.

#### ANEXO I

Relación de bens e dereitos afectados polo proxecto: Regulamentación L.A.M.T. CHA 811 Saviñao 11 entre apoio 110-35-8 e CT Palomar 110-35-17-C (O Saviñao)

Concello: O Saviñao (Lugo)

Expediente: IN407A 2023/80-2

Finca Núm.	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Apoio Nº	Apoio Sup (m <sup>2</sup> )	Afeccións ml. aé.	Afeccións m <sup>2</sup> aé.
1	118	88	Rañadoira	Monte baixo	Descoñecido				30.75
4	118	156	Reguenga	Prado ou pradeiras	Descoñecido			13.65	219.98
5	118	155	Reguenga	Prado	María Luz López Pérez			31.54	502.25
7	118	153	Reguenga	Prado	Hdos. de Manuel Salgado Domínguez	BK6LS2X9//D110-35-11	2.0	66.86	1056.86
9	118	180	Lamayan	Matogueira, monte alto	Descoñecido			17.03	385.34
10	118	179	Lamayan	Prado	Descoñecido			18.18	184.07
12	118	181	Lamayan	Prado	Hdos. de Antonio Blanco Taboada	BK5TLK4E//D110-35-12	2.0	62.56	943.6
13	118	194	Naveira	Prado	Descoñecido			0.65	60.79
14	118	245	Campo	Monte alto	Descoñecido			2.63	73.19

R. 3064

### Anuncio

ACORDO do 7 de outubro do 2024 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello do Saviñao. (Expediente 2022/50-ATE)

Con data 13 de xuño do 2024 o Departamento Territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada *Regulamentación da L.A.M.T. CHA811 Saviñao 11 entre AP BKHS7FT8 y AP 161 en O Saviñao*.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este Acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello do Saviñao, deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 25 marzo de 2024 e no Diario Oficial de Galicia do 2 de abril do 2024, para que comparezan o día **19 de decembro do 2024 no concello do Saviñao** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello do Saviñao estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados,

deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste Departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando

os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 7 de outubro do 2024.- O director territorial P.A. (art. 40.3 Decreto 140/2024, do 20 de maio) O xefe do Servizo de Industria, Juan Carlos Morán del Pozo

## ANEXO

Nº Predio	Titular proposto	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Actas		
						Concello	Día	Hora
3	Hros. Ramón Losada Gómez	132	354	Horta	Prado	Savñao, O	19.12.24	12.30 h.
5	Hros. Jose Gallardo Quiroga	132	356	Horta	Prado	Savñao, O	19.12.24	11.00 h.
6	Isaura Expósito Vázquez	132	348	Carrasqueiras	Prado	Savñao, O	19.12.24	11:30 h.
7	Hdros. Javier Iglesias Vázquez	132	349	Horta	Prado	Savñao, O	19.12.24	12.00 h.
10	Descoñecido	132	347	Carrasqueiras	Prado	Savñao, O	19.12.24	12.30 h.
11	Isaura Expósito Vázquez	132	662	Carrasqueiras	Prado	Savñao, O	19.12.24	11:30 h.
12	Isaura Expósito Vázquez	132	663	Carrasqueiras	Prado	Savñao, O	19.12.24	11.30 h.
15	María Esperanza Losada Méndez	132	646	Carrasqueiras	Carballeira	Savñao, O	19.12.24	12.30 h.
20	Hros. María Carmen López González	132	652	Carrasqueiras	Monte baixo	Savñao, O	19.12.24	12:30 h.
21	Hros Mª Vázquez Otero	132	651	Carrasqueiras	Monte baixo	Savñao, O	19.12.24	12.30 h.
24	Descoñecido	132	701	Carrasqueiras	Monte baixo	Savñao, O	19.12.24	12.30 h.

R. 3065

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

## ÁREA DE MEDIO RURAL, MAR E MOCIDADE

## Anuncio

**ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO, DO 11 DE OUTUBRO DE 2024, SOBRE ACEPTACIÓN DE RENUNCIAS E CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS SOLICITANTES DA LISTAXE DE RESERVA, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA”, DE APOIO Á ORGANIZACIÓN DE VISITAS, POR PARTE DAS ANPAS DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA PROVINCIAIS, ÁS GRANXAS E EXPLOTACIONS AGROPECUARIAS DA PROVINCIA DE LUGO, E ACTIVIDADES ASOCIADAS ÁS MESMAS, NA ANUALIDADE 2024**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 11 de outubro de 2024, acordou:

“Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“I- O 18 de xuño de 2024 foi publicada no BOP a resolución definitiva de concesión das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da escola á granxa”, na

anualidade 2024, resultando beneficiarias, entre outras, as entidades, co obxecto e polos importes que se describen:

BENEFICIARIA	OBXECTO	IMPORTE
ANPA CEIP San Miguel	Visita a El País del Abeyeiro	
	Visita a Champivil	900,00 €
	Visita a Traloagro	900,00 €
	Visita á Granxa Angus do Campo	900,00 €
Asociación de padres de alumnos del colegio público Pedro CasellesRollán	Visita a O Trobo	742,00 €
	Visita a O Trobo	742,00 €
APA colegio público Pantón	Visita a Champivil	885,00 €
	Visita a Porco Celta de Outeiro	884,00 €
Asociación de padres de alumnos Muras	Visita a Champivil	855,00 €
	Obradoiro ADEGA	498,75 €
APA del colegio público Fondo Nois	Obradoiro ADEGA	498,75 €
Asociación de mais e pais CEIP de Oural-Sarria	Visita a Milhulloa	900,00 €

II.Os días 11, 24, 26, 27 e 30 de setembro de 2024, tiveron entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade escritos dos representantes das beneficiarias citadas, renunciando ás subvencións que se reflicten na táboa do apartado anterior.

III.Á vista dos ditos escritos de renuncia, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, emitíuse informe do seguinte teor:

“(…).

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

##### **Primeiro.- Normativa reguladora da renuncia a subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Lugo**

*O artigo 3 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 9, do 11 de xaneiro de 2024) establece que as subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo rexeranse, ademais de: pola normativa europea, estatal, autonómica e propia en materia de subvencións; pola lexislación básica do Estado reguladora da Administración Local; polas Bases de Execución do Orzamento vixentes en cada momento, e polo Regulamento Orgánico da Deputación; polas restantes normas de Dereito Administrativo.*

##### **Segundo.- Renuncias a subvencións en réxime abreviado de concorrencia competitiva, no marco do Programa “Da escola á granxa”**

*A normativa aplicable en materia de subvencións límitase a establecer, no artigo 63 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (no sucesivo, RLXS), en relación coa renuncia a estas, que mediante resolución acordárase a renuncia ao dereito a elas; engadindo que, cando así se previra nas bases reguladoras, a resolución de concesión, ademais de conter os solicitantes aos que se concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes, poderá incluír unha relación ordenada de todas as que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiario, non foran estimadas por superarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria.*

*Neste suposto, continúa o dito Regulamento, se se renunciase á subvención por algún dos beneficiarios, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes a aquel, sempre e cando coa renuncia por parte de algún dos beneficiarios, se liberara crédito suficiente para atender, polo menos, unha das solicitudes denegadas.*

*Finalmente, o mesmo artigo 63 do RLXS establece que o órgano concedente da subvención comunicará esta opción aos interesados, a fin de que accedan á proposta de subvención no prazo improrrogable de dez días. Unha vez aceptada a proposta por parte do solicitante ou solicitantes, o órgano administrativo ditará o acto de concesión e procederá á súa notificación nos termos establecidos na Lei Xeral de Subvencións e no dito Regulamento.*

Por outra banda, cómpre facer uso da antes citada cláusula residual “polas restantes normas de Dereito Administrativo”, acudindo, en relación coa renuncia a dereitos, á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (no sucesivo, LPACAP).

O artigo 94 da citada LPACAP regula o exercicio, medios e efectos do dereito a ela nos seguintes termos:

“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

(...).

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, habendo acudido ao mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

5. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entrañase interese xeral ou fora convinte substanciala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou a renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.

Do contido dos preceptos citados despréndese que todo interesado poderá renunciar aos seus dereitos; neste caso, ao cobro das subvencións.

Dita renuncia ten que realizarse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan; requisitos que cumpren os escritos presentados polos representantes das beneficiarias indicados no antecedente terceiro deste informe.

Ademais, segundo a documentación que integra os expedientes, non acudiron aos procedementos terceiros interesados, e non se aprecia interese xeral que induza a seguilos.

En consecuencia, tras dar por exercidas, por parte dos representantes das beneficiarias citadas, as renuncias aos seus dereitos ás subvencións, aos que se refire o artigo 94.1 da LPACAP, procede aceptalas e declarar conclusos os procedementos relativos ás correspondentes solicitudes.

Asemade, dado que nas Bases 11, 12 e 16, das reguladoras das subvencións no marco do Programa “Da escola á granxa”, está previsto o suposto ao que se refire o antes citado artigo 63 do RLXS, de incluír na resolución de concesión unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiario, non foran estimadas por superarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, procede que a Xunta de Goberno acorde, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión de subvencións aos solicitantes que ocupen os primeiros lugares na dita relación, ao liberarse, coa renuncia dos beneficiarios que aquí se informa, crédito suficiente para atender as solicitudes de:

SOLICITANTE	OBXECTO	IMPORTE
ANPA CEIP Rosalía de Castro	Visita a Terras da Mariña	900,00 €
	Visita a SAT O Palomar	900,00 €
APA del colegio Milagrosa de Lugo	Visita a Milhulloa	900,00 €
	Visita a Caurelor	900,00 €
	Visita a Terras da Mariña	
APA Colegio Nacional Mixto Las Mercedes	Visita a SAT Lodos e Pérez	872,10 €
	Visita a Daveiga	788,50 €
	Visita a Casa Bértolo	872,10 €
	Visita a Casa da Fonte	788,50 €
	Visita a Arqueixal	895,85 €
Asociación de nais e pais de alumnos Anexa 2007	Visita a A Carqueixa	900,00 €

### Terceiro.- Resolución das renuncias e da concesión das subvencións aos novos beneficiarios

Consonte ao disposto no citado artigo 63.2 do RLXS, a aceptación das renuncias ao dereito ás subvencións acordarase mediante resolución, que, de acordo co establecido na Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral vixente, corresponde á Xunta de Goberno, por ser o órgano que acordou a concesión de aquelas.

Asemade, como se viu, o apartado 3 do mesmo artigo 63 do RLXS establece que no suposto de renuncias, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención aos solicitantes seguintes, sempre e cando coa renuncia por parte de algún dos beneficiarios, se liberara crédito suficiente para atender as súas solicitudes; opción que lles será comunicada aos interesados, a fin de que accedan á proposta de subvención no prazo improrrogable de dez días.

Vistos os citados antecedentes e fundamentos de dereito, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, infórmase favorablemente a aceptación das renuncias ás subvencións outorgadas ás entidades, cos obxectos e polos importes seguintes, así como a declaración de concluídos os procedementos a elas relativos:

BENEFICIARIA	OBXECTO	IMPORTE
ANPA CEIP San Miguel	Visita a El País del Abeyeiro	
	Visita a Champivil	900,00 €
	Visita a Traloagro	900,00 €
	Visita á Granxa Angus do Campo	900,00 €
Asociación de padres de alumnos del colegio público Pedro CasellesRollán	Visita a O Trobo	742,00 €
	Visita a O Trobo	742,00 €
APA colegio público Pantón	Visita a Champivil	885,00 €
	Visita a Porco Celta de Outeiro	884,00 €
Asociación de padres de alumnos Muras	Visita a Champivil	855,00 €
	Obradoiro ADEGA	498,75 €
APA del colegio público Fondo Nois	Obradoiro ADEGA	498,75 €
Asociación de mais e pais CEIP de Oural-Sarria	Visita a Milhulloa	900,00 €

Infórmase favorablemente, asemade, a concesión das subvencións aos solicitantes, co obxecto e polos importes seguintes:

SOLICITANTE	OBXECTO	IMPORTE
ANPA CEIP Rosalía de Castro	Visita a Terras da Mariña	900,00 €
	Visita a SAT O Palomar	900,00 €
APA del colegio Milagrosa de Lugo	Visita a Milhulloa	900,00 €
	Visita a Caurelor	900,00 €
	Visita a Terras da Mariña	
	Visita a SAT Lodos e Pérez	872,10 €
APA Colegio Nacional Mixto Las Mercedes	Visita a Daveiga	788,50 €
	Visita a Casa Bértolo	872,10 €
	Visita a Casa da Fonte	788,50 €
	Visita a Arqueixal	872,10 €
	Visita a Carqueixa	895,85 €
Asociación de nais e pais de alumnos Anexa 2007	Visita a A Carqueixa	900,00 €

#### **Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:**

1. Aceptar as renuncias ás subvencións outorgadas, no seo do Programa “Da escola á granxa”, anualidade 2024, ás entidades, cos obxectos e polos importes seguintes:

BENEFICIARIA	OBXECTO	IMPORTE
ANPA CEIP San Miguel	Visita a El País del Abeyeiro	
	Visita a Champivil	900,00 €
	Visita a Traloagro	900,00 €
	Visita á Granxa Angus do Campo	900,00 €
Asociación de padres de alumnos del colegio público Pedro CasellesRollán	Visita a O Trobo	742,00 €
	Visita a O Trobo	742,00 €
APA colegio público Pantón	Visita a Champivil	885,00 €
	Visita a Porco Celta de Outeiro	884,00 €
Asociación de padres de alumnos Muras	Visita a Champivil	855,00 €
	Obradoiro ADEGA	498,75 €
APA del colegio público Fondo Nois	Obradoiro ADEGA	498,75 €
Asociación de mais e pais CEIP de Oural-Sarria	Visita a Milhulloa	900,00 €

2. Declarar conclusos os procedementos relativos ás citadas subvencións.

3. Ditar resolución provisional de concesión de subvencións, por terse liberado crédito suficiente coas renuncias, aos solicitantes, co obxecto e polos importes que, segundo a listaxe de reserva á que se refiren as Bases 11, 12 e 16, son as seguintes:

SOLICITANTE	OBXECTO	IMPORTE
ANPA CEIP Rosalía de Castro	Visita a Terras da Mariña	900,00 €
	Visita a SAT O Palomar	900,00 €
APA del colegio Milagrosa de Lugo	Visita a Milhulloa	900,00 €
	Visita a Caurelor	900,00 €
	Visita a Terras da Mariña	
	Visita a SAT Lodos e Pérez	872,10 €
APA Colegio Nacional Mixto Las Mercedes	Visita a Daveiga	788,50 €
	Visita a Casa Bértolo	788,50 €
	Visita a Casa da Fonte	872,10 €
	Visita a Arqueixal	895,85 €
	Visita a A Carqueixa	900,00 €
Asociación de nais e pais de alumnos Anexa 2007	Visita a A Carqueixa	900,00 €

4. Notificar este acordo de resolución provisional ás interesadas, por medio da súa publicación no BOP de Lugo, concedéndolles un prazo improrrogable de dez días, a contar dende o día seguinte ao da dita publicación, para que comuniquen a súa aceptación.

5. Outorgar ás concesións provisionais o carácter de definitivas, no suposto de que as interesadas accedan a elas no dito prazo; o que lles será notificado a través de publicación no BOP de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

De acordo co establecido no artigo 63.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, procédese á notificación aos interesados do Acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo improrrogable de dez días, contados a partir do día seguinte ao desta publicación, para que comuniquen a súa aceptación.

Lugo, 15 de outubro de 2024.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto do 04/07/2023, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL,PabloRivera Capón.

R. 3091

## ÁREA MULLER E IGUALDADE. SECCIÓN DE IGUALDADE

### Anuncio

#### **RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA AREA DE MULLER E IGUALDADE (SECCIÓN DE IGUALDADE) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2024**

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, dase publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas pola area de Promoción Económica e Social (Sección de Benestar Social) da Deputación Provincial de Lugo, no terceiro trimestre do ano 2024:

ÁREA PES (2023 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPOS SUBVENCIÓN	OBXECTO/ACTIVIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	Nº ANOS	ORGANO DE APROBACIÓN
Muller e Igualdade	Igualdade	Asoc. de Mulleres con Discapacidade de Galicia	G-70223417	Nominativa	VIO 7: Ver para erradicar	2311.48900	6.500,00 €	1	Presidencia
Muller e Igualdade	Igualdade	Asoc. Aliad-Ultreia	G-27021120	Nominativa	Programa Tecendo Futuro	2311.48900	8.000,00 €	1	Presidencia
Muller e Igualdade	Igualdade	Asoc. Unión Trab. Autónomos Transporte o Mar e as Comunicaciones Galicia	G-70289723	Nominativa	Creando Empresa: Proxecto de Integración da Muller ao Mercado de Traballo	2311.48900	39.000,00 €	1	Presidencia
Muller e Igualdade	Igualdade	Federación de AA.VV de Lugo Lucus Augusti	G-27158575	excepcional	Rompendo Mitos	2311.48911	12.000,00 €	1	Presidencia
Muller e Igualdade	Igualdade	Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia	G-70101647	Nominativa	Empoderamento da Muller no Rural	2311.48900	50.000,00 €	1	Presidencia

Lugo, 14 de outubro de 2024.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023 O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 3068

## ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. SECCIÓN DE BENESTAR

### Anuncio

#### **RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA AREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL (SECCIÓN DE BENESTAR SOCIAL) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2024**

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, dase publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas pola area de Promoción Económica e Social (Sección de Benestar Social) da Deputación Provincial de Lugo, no segundo trimestre do ano 2024:



ÁREA PES (2023 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPO SUBV.	OBXECTO/ACTIVIDADE	APLIC. ORZ	IMPORTE SUBV.	Nº ANOS	ÓRGANO DE APROBACIÓN
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. de Persoas con Parálise Cerebral de Lugo	G-27178904	Nominativa	Programa de Estimulación Multisensorial	2314.48900	12.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asc. de Dano Cerebral Adquirido Sobrevido Adace Lugo	G-27337278	Nominativa	Centro de Día para Afectados/as de Dano Cerebral. Gastos de Contratación Neuropsicólogo	2314.48900	12.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. Gallega de Hemofilia	G-15220577	Nominativa	Atención, Información e Formación para Persoas con Coagulopatías Conxénitas	2314.48900	5.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Cogami Lugo	G-27219773	Nominativa	Taller Prelaboral para Persoas con Discapacidade na Comarca da Ulloa	2314.48900	38.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Lugo	G-27285980	Nominativa	Estimulación Cognitiva de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias	2314.48900	12.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. Agalure	G-15462633	Excepcional	Ludere	2314.48911	5.000,00€	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. de Personas Sordas de Lugo	G-27021187	Nominativa	Contratación de Intérprete	2314.48900	23.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. de Alcohólicos Rehabilitados de Chantada "Archa"	G-27155894	Nominativa	Programa de Atención a Persoas con Adicción ao Alcohol	2314.48900	6.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación Raiolas - Lugo	G-27255991	Nominativa	Intervención en Contextos Naturais	2314.48900	22.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. de Fam. de Enf. de Alzheimer de Chantada	G-27320225	Nominativa	Programa de Atención Directa	2314.48900	12.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. Alume Saúde Mental	G-27198977	Nominativa	Programa de Prevención da Dependencia para Persoas con Trastorno Mental Grave no Medio Urbano e Rural	2314.48900	25.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Viveiro	G-27341940	Nominativa	Estimulación e Mantemento Cognitivo para Persoas con Deterioro Cognitivo Leve	2314.48900	12.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Auxilia	G-08317059	Nominativa	Promoción da Autonomía Persoal no Domicilio	2314.48900	5.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Arela Asoc	G-36846152	Nominativa	Atención Individualizada para as nenas, nenos e adolescentes residentes na Casa de Familia Arela de Monforte de Lemos	2314.48900	5.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Fundación "Eu Son"	G-27222983	Nominativa	Gastos Mantemento, Centro de Día	2314.48900	2.000,00 €	1	Presidencia

Lugo, 14 de outubro de 2024.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023 O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 3066

## Anuncio

**RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA AREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL (SECCIÓN DE BENESTAR SOCIAL) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2024**

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, dase publicidade ás subvencións directas (nominativas e excepcionais) tramitadas pola area de Promoción Económica e Social (Sección de Benestar Social) da Deputación Provincial de Lugo, no terceiro trimestre do ano 2024:

ÁREA PES (2023 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPOS SUBVENCIÓN	OBXECTO/ACTIVIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	Nº ANOS	ORGANO DE APROBACIÓN
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Monforte	G-27272483	Nominativa	Estimulación Cognitiva, Psicomotriz para Persoas con Alzheimer	2314.48900	12.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. de Fibromialxia de Lugo	G-27296854	Nominativa	Programa de Actividades para Persoas Afectadas de Fibromialxia	2314.48900	3.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Confederación Galega De Persoas Con Discapacidade	G-32115941	Nominativa	Centro de Atención Diurna Terapéutica. Fingoi-Lugo	2314.48900	35.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Agora	G-27150820	Nominativa	Servizo de Estimulación Cognitiva e Habilidades Sociais para Persoas con Discapacidade da Comarca de Lemos	2314.48900	9.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. Banco de Alimentos de Lugo	G-27210053	Nominativa	Merca de Ovos	2314.48900	10.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. Pais Nenos Discap. da Mariña Lucense	G-27267269	Nominativa	Servizo Ambulatorio	2314.48900	10.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Capaces Lugo	G-27450147	Nominativa	Servicio de Axuda e Asistencia a Persoas con TEA	2314.48900	4.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc de Promoción e Integración Gitana de Lugo	G-27017987	Nominativa	Rehabilitación Vivendas	2312.48900	10.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación Saúde Mental, A Mariña	G-27262799	Nominativa	Gastos Correntes do Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral de Burela	2314.48900	15.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. Aliad-Ultreia	G-27021120	Nominativa	Programa Preparados, Listos, Xa!	2314.48900	13.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Anpa do Colexio de Educación Especial Santa María de Lugo	G-27159425	Nominativa	Nós Tamén Xogamos	2314.48900	12.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. Síndrome de Down	G-27202043	Nominativa	Programa de Promoción da Autonomía Persoal e Social en Vivendas Comunitarias	2314.48900	12.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Auxilia (Delegación Monforte)	G-08317059	Nominativa	Atención Psicosocial e Promoción da Autonomía Persoal	2314.48900	5.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Fundación Secretariado Gitano	G-83117374	Nominativa	Programa Promociona	2312.48900	10.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias	G-27442482	Nominativa	Centro de Respiro Familiar	2314.48900	12.000,00 €	1	Presidencia

ÁREA PES (2023 2025)	UNIDADE	ENTIDADE BENEFICIARIA	CIF	TIPOS SUBVENCIÓN	OBJECTO/ACTIVIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	Nº ANOS	ORGANO DE APROBACIÓN
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. A Mariña-Cogami	G-27105253	Nominativa	Rehabilitación Física e Emocional para Persoas con Discapacidade	2314.48900	7.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Saúde Mental Feafes (Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia)	G-15545353	Nominativa	Programa de Intermediación Laboral e Prácticas Laborais	2314.48900	34.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. Nenos Ponte dos Santos	G-27434455	Nominativa	Axuda ao Transporte de Nenos/as	2314.48900	14.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación penitenciaria Concepción Arenal	G-27119809	excepcional	Entre a pel e a cultura: Programa de intervención Afectivo-Sexual	2314.48911	23.900,00€	1	Xunta de Goberno
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Federación de Asociacións do Ámbito Social de Lugo (Fadas Lugo)	G-27436419	Nominativa	Servizo de Coordinación e Formación de Entidades de Acción Social e Proxectos de Sensibilización	2314.48900	10.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asc. Somos Unidos por el Cáncer	G-27461714	Nominativa	Aluguer Piso de Acollida para Persoas con Cancro	2314.48900	5.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Fundación de Daño Cerebral	G-27293505	Nominativa	Gastos de Funcionamento	2314.48900	10.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asociación Raiolas - Lugo	G-27255991	excepcional	Posta en marcha do centro de día para persoas con TEA	2314.48911	23.900,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc.Lucense de Esclerosis Múltiple	G-27209535	Nominativa	Programa de Atención Integral en Esclerose Múltiple	2314.48900	10.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc. de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual "Special Olympics Galicia"	G-15771777	Nominativa	Promoción das Persoas con Discapacidade Intelectual dende a Provincia de Lugo e cara á Provincia de Lugo	2314.48900	8.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Asoc Española Contra el Cáncer	G-28197564	Nominativa	Atención Psicosocial ao Paciente Oncolóxico	2314.48900	8.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Alcer Lugo	G-27015866	Nominativa	Atención Integral a Persoas con Enfermidade Renal	2314.48900	6.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Aspnais-Asociación de Padres o Tutores de Personas con Discapacidad Intelectual de Lugo	G-27018365	Nominativa	Programa de Intervención Psicolóxica en Persoas con Discapacidade Intelectual	2314.48900	5.000,00 €	1	Presidencia
Promoción Económica e Social	Benestar Social	Federación Gallega de Asociacións en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual o del Desarrollo	G-36620037	Nominativa	Servizo de Orientación Laboral	2314.48900	2.500,00 €	1	Presidencia

Lugo, 14 de outubro de 2024.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023 O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 3067

## CONCELLOS

### BECERREÁ

#### Anuncio

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por decreto da Alcaldía, de data 08/10/2024, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 2º Trimestre 2024 das:

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.
- Canon da auga (Xunta de Galicia).

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 16/10/2024 ata o 15/12/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberan acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 10 de outubro de 2024.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3069

**BURELA***Anuncio***EXPTE. 1521/2024- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS NO CONCELLO DE BURELA.**

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello en data 27 de agosto de 2023 a Ordenanza reguladora dos prezos públicos no Concello de Burela, o expediente o expediente permaneceu exposto ao público por prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no BOP da provincia de Lugo n.º 236 de 2 de setembro de 2024

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza municipal de tráfico, de data 30 de novembro de 2023, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, co seguinte teor literal:

**PRÉAMBULO:**

Na actualidade, dende o Concello de Burela, estanse a realizar gran cantidade de cursos e eventos de índole social, cultural, deportiva, lúdicos e de interese social, que pola súa propia natureza e, conforme o artigo 41: “ *Os entes locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia da entidade local, sempre e cando non concorran ningunha das circunstancias especificadas no artigo 20.1.b. da lei*”, son proclives a ser regulados a través de correspondente acordo de imposición de precio público correspondente.

Referímonos entón a todas aquelas prestacións de servizos públicos ou actividades administrativas en réxime de dereito público de competencia local que beneficie de forma particular o suxeito pasivo, e que ademais:

a.-Non sexa de solicitude ou de recepción voluntaria para os administrados, e dicir, que non ben imposta por ningún tipo de disposición legal ou regulamentaria.

b.-Que dita actividade se preste en réxime de concurrencia co sector privado.

Neste sentido e coa finalidade de unificar nun mesmo texto unha regulación e tramitación homoxénea a tódolos feitos impositivos propios dun prezo público faise necesáreo aprobar a presente Ordenanza nun intento de unificar nun mesmo texto legal todos os supostos susceptibles de ser regulados por prezos públicos, así como o iter procedimental para levalo a cabo.

Do mesmo xeito a partir da presente Ordenanza e dacordo co previsto no artigo 129 e seguintes da Lei 39/2015 de 1 de Outubro de Réxime Xurídico das Administracións dase cumprimento os principios de boa regulación.

*“No anteproxecto...as administracións públicas deberán de actuar de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. No preámbulo ou na exposición de motivos...quedará suficientemente justificada a súa adecuación a ditos principios”.*

**Sendo así:**

- **A necesidade** ven condicionada, pola necesidade aumentar o ámbito de aplicación da propia ordenanza facendo extensible a mesma a máis ámbitos materiais ( maior tipoloxía de cursos, eventos ou xornadas). Concretamente, dita necesidade, deriva de novas iniciativas ( Audioguías Ficciónadas da Mariña Lucense) que necesitan da cobertura legal propia da presente Ordenanza.

- **A eficacia.** A eficacia ben condicionada por regular nun mesmo instrumento xurídico unha tramitación homoxénea e común a tódolos feitos impositivos susceptibles de regularse mediante prezo público. De igual modo, o propia Ordenanza prevé a posibilidade de que o Pleno delegue na Xunta de Goberno Local os acordos de imposición de futuros prezos públicos; delegación que no caso ser acordada suporía unha tramitación máis rápida e áxil para os prezos públicos.

- **A proporcionalidade.** Verá condicionada polo prezo que o usuario do servizo pague en relación o beneficio e utilidade que reciba a consecuencia do uso do mesmo.

- **A seguridade xurídica,** entendida como certeza de dereito que ten o individuo, de forma que a súa situación xurídica non será modificada máis que por procedementos regulares e conductos legais establecidos , previa e debidamente publicados.

Neste sentido a aprobación da Ordenanza dará cobertura a este principio xurídico xa que permitirá que se regulen os feitos impositivos , procedementos e situación xurídicas propias dos prezos públicos definindo a partir da mesma os contornos dentro dos cales os poderes públicos poderán actuar.

- **A transparencia,** apréciase a longo da elaboración de todo a Ordenanza , suxeita a consulta previa, aprobación inicial e aprobación definitiva no Boletín Oficial da provincia e taboleiro de anuncios e sede electrónica.

- **A eficiencia.** A eficiencia enténdese como a capacidade de realizar un fin co mínimo de recursos posibles ou no menor tempo posible.

De este xeito, homoxenizar procedementos ou delegar procedementos permite alcanzar un determinado fin (fixar un determinado prezo público) en menor tempo e a un menor custo.

Dando cumprimento a todo o anterior, cobra vida o presente texto, que supón unha modificación do texto orixinario publicado no Bop de 7 de xaneiro de 2009, incluíndo no mesmo certas modificacións (ampliación dos feitos impositivos regulan prezo público) e que van afectar os artigos 1,2 e 3; e modificando o artigo 4 onde se regula en expreso a posibilidade de que ó Pleno delegue na Xunta de Goberno Local os acordos de imposición dos prezos públicos dacordo co previsto no artigo 47 RDL 2/2004 de 5 de marzo quedando o texto redactado do seguinte xeito:

#### **ARTIGO 1. FUNDAMENTO:**

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación o artigo 47 do Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense os prezos públicos pola venda e arrendamento de libros, publicacións, material promocional, a celebración de xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais, lúdicas ou similares incluídas as de carácter turístico.

#### **ARTIGO 2. CONCEPTO:**

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente adquiren ou arrenden libros, publicacións ou material promocional, e os que participen nas prestacións dos servizos ou a realización de actividades desenvolvidas nas xornadas ou nos cursos e a realización de actividades culturais e lúdicas ou similares incluídas as de carácter turístico.

#### **ARTIGO 3. OBRIGADOS O PAGO.**

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta ordenanza:

- 1.-Os que adquiren ou compren os libros, as publicacións e o material promocional.
- 2.-Os que soliciten ou se beneficien da prestación de servizos ou a realización de actividades consistentes na celebración de xornadas ou cursos e a realización de actividades culturais, lúdicas ou similares, incluídas as de carácter turístico.

#### **ARTIGO 4. CONTÍA.**

1.-O importe que se debe de pagar ó Concello por calquera dos servizos ou prestacións regulados nos artigos 1 e 2 da presente Ordenza mediante o corresponde acordo regulador do prezo público, será aprobada polo Pleno da Corporación Local, sen prexuízo da correspondente delegación na parte da Xunta de Goberno Local mediante acordo Plenario.

2.-O Concello poderá reducir o prezo que deben da aboar os interesados, previo acordo do órgano competente, nos seguintes casos:

a.-Distribución de libros, publicacións e material promocional entre entidades públicas ou entidades sen fin de lucro por razóns protocolarias.

b.-Distribución de libros, publicacións e material promocional entre os departamentos municipais.

c.-Participación en xornadas, cursos e actividades culturais e lúdicas, turísticas ou similares, incluídas as de carácter turístico, por razóns de interese xeral; sempre se garantiza a cobertura do soste da actividade o servizo.

#### **ARTIGO 5. XESTIÓN:**

1.-A obriga do pago do prezo público pola adquisición mediante venda ou arrendamento de libros, publicacións e material promocional, incluído o de carácter turístico, nace no momento en que se adquire ou solicite a adquisición dos mesmos.

2.-A obriga do pago do prezo público pola participación en xornadas ou cursos e actividades culturais e lúdicas ou similares, incluídas as de carácter turístico nace no momento da inscrición ou solicitude de participación nos mesmos.

3.-O establecemento, modificación, e, no seu caso, fixación dos prezos públicos deberá de efectuarse dacordo so seguinte procedemento:

a.-Proposta de acordo da Concellería delegada interesada no establecemento, modificación ou fixación do prezo público, que deberá de ir acompañada dunha memoria económica que xustifique o grado de cobertura financeira sobre os custes do servizo da actividade.

b.-Informe da intervención municipal

c.-Informe de Secretaría.

d.-Informe de Tesourería.

e.-Acordo do Pleno.

f.-Publicación do acordo de establecemento , modificación ou fixación de prezo público no BOP

g.-Entrada en vigor o día seguinte a súa publicación, salvo que o acordo do prezo estableza un momento posterior.

4.-Na proposta pódese xustificar documentalmente:

a.-Na venda ou arrendamento de libros , publicacións e material promocional: O custe total dos libros e material promocional: o custe total dos libros ou publicacións ou material promocional e número de libros e publicacións editados e material promocional que se compre.

b.-No caso de xornadas ,cursos e actividades :O custe total da actividade ou servizo e o número estimado de asistentes ou participantes na actividade ou servizo.

En todo caso, se o prezo público a aboar polos interesados é inferior o custe do servizo ou actividade, a proposta do Concelleiro delegados debe de incluír a previsión da súa financiación.

5.-Cando por causas non imputables ó obrigado ó pago do prezo, o servizo ou actividade non se preste ou se desenvolva , procede a devolución do importe correspondente.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta Ordenanza de prezo público entrará en vigor os quince días da publicación integra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, dacordo co previsto no artigo 70.2 da LRBRL 7/85 de 2 de abril.

Contra este acordo , que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do TSX de Galicia de conformidade co previsto na Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-administrativa , no prazo de dous meses , contados dende a data de publicación , sen prexuízo de calquera outro recurso que estime oportuno.

Burela, 15 de outubro de 2024.- Alcaldesa, Maria Del Carmen Lopez Moreno.

R. 3093

## COSPEITO

### Anuncio

#### **EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLAS TAXAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS, RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E CANON AUTONÓMICO DE AUGA CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2024.**

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, o Alcalde –Presidente mediante Resolución do 19/05/2021 adoptou acordo polo que se aproba o Padrón de contribuíntes das Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, e canon autonómico de auga correspondentes ao PRIMER trimestre de 2024 e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

*“Realizadas as lecturas de contadores de consumo de abastecemento de auga correspondentes ao período do 2º trimestre de 2024 e vistas as altas novas no padrón da taxa de lixo.*

*Estando en vigor a Ordenanza fiscal reguladora da Taxa de sumidoiros aprobada con data 01/12/2023 e publicada a súa aprobación definitiva no BOP nº032 o 07/02/2024, que no artigo 8º.3. prevé que as cotas esixibles se liquidarán e recadarán polos mesmos períodos e nos mesmo prazos que os recibos de subministro e consumo de auga.*

*Vista a redacción da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo, aprobada polo pleno da corporación en sesión celebrada o 01 de decembro de 2023, e cuxo texto articulado definitivo, publicado no BOP núm. 032/2024 do 07/02, recolle no artigo 8 que o período impositivo coincide co trimestre natural devengándose o primeiro día do período impositivo.*

*Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo municipal de abastecemento de auga potable a domicilios do Concello de Cospeito, aprobada polo pleno da corporación en sesión celebrada o 01 de decembro de 2023, e cuxo texto articulado definitivo, publicado no BOP núm. 032/2024 do 07/02 ,que establece nos artigos 7º e 8º o devengo trimestral das cotas periódicas e a súa liquidación en documento cobratorio único xunto coas taxas da rede de saneamento e recollida domiciliaria de lixo.*

*Ditadas Resolucións de Alcaldía polas que se resolven solicitudes de cambio de titularidade de contratos de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida de lixo.*

Tendo en conta o establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e no Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga cuxa Disposición derradeira segunda establece a súa entrada en vigor a partir do 1 de xullo de 2012.

Considerando que en virtude do establecido no artigo 48.3. do citado decreto 136/2012, do 31 de maio, en relación co artigo 2º.21 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, o Concello de Cospeito ten a condición de entidade subministradora obrigada a repercutir, conxuntamente cas liquidacións da taxa de abastecemento de auga e sumidoiros as correspondentes cotas do canon autonómico de auga con arrego as tipos e normas de liquidación que os citados texto legais establecen.

Confeccionado de acordo cas referidas disposicións regulamentarias o padrón de contribuíntes suxeitos a tributación correspondentes ao 2º período trimestral do 2024, contendo as variacións anteriores.

De conformidade co establecido no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria e nas Ordenanzas fiscais de cada tributo e demais disposicións concordantes, e considerando o acordado no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como a competencia que ostento como Alcalde –Presidente para ditar o presente acto, en virtude do establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 41 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais,

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Con efectos exclusivos sobre el presente expediente, avocar la competencia delegada en la Junta de Gobierno Local en el punto tercero 11. De la Resolución de Alcaldía núm. 530/2023 de data 18.07.2023.

**SEGUNDO.-** Aprobar o Padrón de contribuíntes polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga cunha cota total de 77.286,75€ (IVE incluído) correspondente ao 2º trimestre de 2024 polos seguintes importes desagregados por conceptos tributarios:

Período	Auga	Lixo	Sumidoiros	Canon de auga	IVE	TOTAL
2º T 2024	30.672,69	36.240,88	500,20	6.806,05	3.066,93	68.587,08

**TERCEIRO.-** Disponer a apertura dos períodos voluntarios de pago dos referidos padróns e nos períodos indicados, para a xestión recadatoria dos padróns correspondentes, dando exposición pública ao acordo mediante anuncio a inxerir no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Cospeito.

**CUARTO-** Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

#### CANON DE AUGA

De conformidade co disposto no artigo 49.7. do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga, faise constar que o procedemento para o cobro do canon de auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga. O contribuínte que a falla de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

#### RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcrito dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso –administrativo ante o Xulgado do Contencioso –Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación



presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercer calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico -administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

#### **FORMA DE PAGAMENTO**

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega e Abanca). Transcorridos ditos prazos iniciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constringimento e os intereses de demora que procedan.

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 10 de outubro de 2024.- O alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 3070

---

## **MONFORTE DE LEMOS**

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas SETEMBRO 2024 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Localdo día07.10.2024aprobose o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de setembro2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 23.10.2024 ata o23.12.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constringimento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 7 de outubro de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023 A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3071

*Anuncio***APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA AGOSTO 2024 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 30.09.2024 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de AGOSTO 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificáanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 18.10.2024 ao 18.12.2024.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, a 14 de outubro do 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3072

**O PÁRAMO***Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data **1/10/2024**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **SETEMBRO** de 2024, polo importe total de **3.790,02€**.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 2 de Outubro de 2024.- O Alcalde, P.D. O 1º Tte. Alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 3073

**RIBEIRA DE PIQUÍN***Anuncio*

Mediante Resolución de Alcaldía, núm. 2024/0315 de data 14 de outubro de 2024, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de un/unha limpador/a de edificios municipais, como persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, a xornada completa (100%), cunha duración de seis (6) meses.

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o **prazo de cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: [www.ribeiradepiquin.es](http://www.ribeiradepiquin.es), podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

---

Ribeira de Piquín, 14 de outubro de 2024.- Alcalde-Presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 3092

---

## XOVE

### *Anuncio*

Para os efectos do establecido no art. 17 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei das facendas locais), exponse ó público, durante o prazo de 30 días hábiles, a modificación da “Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles do concello de Xove”, que se aprobou inicialmente polo Concello Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 14/10/2024, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa publicación, os interesados poidan examinar o expediente no concello de Xove e/ou presentar as reclamacións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Xove, 15 de outubro de 2024.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3094

---